


FARO DA CULTURA

nº 171 • Xoves, 22 de xuño de 2006

Coordina: Xosé Ramón Pena



Realidade e tecnoloxía

Mira, un *Lamborghini*! Que pasada!“
Algo así diría calquera dos nosos rapaces diante dun semellante coche. E é que hoxe a ninguén lle sorprende o pracer estético que provoca a alianza entre o deseño e a tecnoloxía. Esta, a tecnoloxía, e mais a arte estreitan distancias dende hai un século e comunión resultante contribúe a desacralizar os obxectos artísticos.

Para o arquitecto Renzo Piano -de quen se está a celebrar unha importante mostra dos seus deseños-, o compromiso da arquitectura coa realidade é un valor irrenunciabile. Piano declárase respetuoso co medio e está comprometido co exercicio sostible da súa profesión. Tal intención materialízase, por exemplo, na utilización da luz e a enerxía na ampliación do High Museum of Art de Atlanta; alí deseñou un sistema novo de iluminación composto por mil claraboias de vi-seiras cónicas, feitas para captar só a luz uniforme do norte, axeitada para iluminar, sen excesos, certos cadros. A imaxe de ficción das bufardas aliñadas coma un exército percorreu os xornais con motivo da inauguración no pasado ano. O uso racional das enerxías é unha variable prioritaria dos proxectos de Piano e esa elección condúceo a deseñar as

Renzo Piano: fermosas alianzas

MARCELA SANTORUM

obras coma verdadeiras unidades orgánicas. Hai niso unha beleza manifesta irrefutable; é probable que sexa porque a materia se troca misteriosamente fermosa cando se converte no que debe ser. Porén, esta visión unitaria e particular de cada unha das construcións ocasionou críticas e, así, o conxunto da obra foi acusado de falta de unidade estética e ambigüidade formal. Talvez esas observacións sexan unha consecuencia do derroche de diversidade dos proxectos de Piano -dende unha igrexa a museos, pasando por centros culturais, fundacións, plans urbanísticos, resi-

dencias...- ou acaso porque cada un deses labores conforme realidades únicas, verdadeiras metáforas orgánicas de material inorgánico. O certo é que o arquitecto italiano renunciou á uniformidade estética, para deixar que as obras medren baixo a promesa dunha estreita alianza entre funcionalidade, recursos enerxéticos e natureza. Un bo exemplo de integración paisaxística é o Zentrum Paul Klee, en Berna. Tres sutís outeiros de aceiro e vidro asómanse mimetizados pola verde xeografía. Unha maxestuosa tecnoloxía adoptada pola paisaxe labrega nas proximidades da capital suíza que nos ofrece probas de que, para este creador artesán, a estética é unha consecuencia da integración da obra co medio, algo que se manifesta cando hai harmonía entre os elementos.

A metáfora do organismo é unha constante incluso naquelas obras onde a parodia dirixe as intervencións estéticas, como é o caso do Centro Georges Pompidou feito co seu colega Richard Rodgers nos anos 70 do século pasado. Este centro, símbolo do “high tech”, é unha das máis visibles declaracións de desacralización da arte, pero non só pola política funcional, senón pola súa estrutura formal, unha totalidade que acompaña a rebel-

día cultural do 68. Os seus ideais transmúntanse en aceiro e vidro e percorren de continuo, coma unha enerxía vital, por tubos e canles mostrando o funcionamento vital da anatomía. Os seus autores foron moi conscientes da parodia e pode que só intuíran que a caixa baleira fora conter, tres décadas despois, o incontible: a transitoriedade dos nosos actuais eventos culturais.

Na obra obra de Piano a sintonía co presente é moito máis que funcionalidade e este “moito máis” fíxoo merecedor do Pritzker en 1998. Estamos afeitos a pensar a arquitectura como realidade física que ordena e distribúe o noso entorno aínda que no seu quefacer, non hai actualidade intelectual que non estea materializada, isto é unha vontade que se desprende das súas propias palabras: “A arquitectura debe ser unha arte ou unha ciencia, pero debe ser algo vivo”

A arquitectura que propón Piano é arte, e é unha reflexión crítica da nosa forma de vida, lémbra-nos que todas as configuracións materiais están rexidas polas ideas. O belo é unha consecuencia dunha axuste químico entre materia e natureza. Visitar os seus traballos, certamente, non defrauda.

* ENTREVISTA CON KIKE BENLLOCH,
COORDINADOR DE BARSOWIA / Páx. III

* A CARÓN DO MAR: UNHA MOSTRA
NA DEPUTACIÓN DE OURENSE / Páx. VI

* BERROGÜETTO, IO.O: PARA O DEVIR
DUN FOLC DE NOSO/ Páx. VIII



“O código Da Vinci”:
entre as acusacións de
plaxio e as demandas
interesadas.

Malia que Josep Pla sostíña que a cita erudita era un camelo, convén apelar á súa autoridade para lembrar que dicía tamén que, na literatura, no fondo sempre se escribiu o mesmo e que aquilo que non era imitación, era, sinxelamente, plaxio. Así as cousas, existe a orixinalidade no mundo das letras? Pode habelas cando estamos a falar dun corrente estético? Pode existir innovación cando un escritor visita, ou revisita, os lugares comúns da literatura universal?

Partimos da base de que o plaxio será tal cando, por razóns diversas (promoción, ventura) supera o orixinal. Se a copia non sobrepasa o valor deste, o autor imitado pode ficar ben tranquilo. O problema radica cando un autor de sona precisa recorrer á imitación, ou inspiración literal, por empregar un eufemismo, que tira proveito.

Naturalmente, cando un autor de éxito é imitado por un novel, ou un arribista, pouco ten a temer. O problema prodúcese cando alguén, sen apenas máis transcendencia que a súa rexión ou o círculo de amigos, descobre que outro tirou un proveito millonario a costa da imitar ou “recrear” o que saíu do seu maxín. Mais, cando un éxito é espontáneo ou é froito do condutismo mercantilista dunha editorial?

Un non perde a esperanza verbo do primeiro, cando hai fenómenos como o do Koala, aínda que teñamos que aturar éxitos inducidos como é o caso do best seller *A catedral do mar*, líder de vendas en catalán e en castelán no último Sant Jordi (cousa nunca vista).

Se hai uns anos coñecemos a condena (pagadeira en cartos por dereitos de autor) a George Harrison porque o seu “My sweet lord” lembraba de máis a canción “He’s so fine” dos esquecidos e esquecibles The Chiffons, no campo das letras tivemos dous procesos recentes por suposto plaxio: un o cometido por Camilo José Cela verbo da novela que Carmen Formoso presentou ao Premio Planeta en 1994, edición que foi gañada xustamente polo escritor de Iria Flavia. O outro caso –disinto, iso si– foi o de Luis Racionero, navegador dun extraño camiño que o levou de ser “compañeiro de viaxe” de ERC ao mesmo papel do PP gobernante con Aznar (foi director da Biblioteca Nacional). Cando o xuíz man-

Plaxio ou mimetismo

dou retirar cautelarmente a súa obra *El último cátaro*, as sospeitas eran xa algo máis que iso. Uns anos atrás xa tivera problemas da mesma índole cando ficou demostrado que para o seu libro *La Atenas de Pericles* copiara literalmente parágrafos enteiros de *El legado de Grecia*, de George Murray.

Naturalmente, os autores teñen todo o dereito a ver preservada a integridade da súa obra, mais o curioso do caso é que as demandas se producen cando o texto supostamente plaxiario obtén máis beneficio que o orixinal. Como se, dalgún xeito, o que interesase as máis das veces é levar parte do

pastel, por riba da restitución da orixinalidade. Isto ficou moi claro cando Dan Brown, o arquicoñecido autor de *O código Da Vinci*, foi acusado de plaxio pola idea central da novela. Mais a acusación colleu forza cando se coñeceu que pasaba ao cine e daquela os beneficios superarían con creces os da novela. Que era unha demanda interesada ficou claro desde o comezo, porque facía referencia á idea. Alguén no seu san xuízo acusaría a Molière, a Mozart ou a Zorrilla, por cadanseu *Don Juan*, de plaxiar a Tirso de Molina e ao seu *El burlador de Sevilla*? Ou a Paul Valéry ou a Wolfgang Goethe por copiar o *Doctor Faustus* de Marlowe?

De Tirso de Molina
a Dan Brown

JOAQUIM VENTURA

Lugares comúns

Os máis recentes procesos por plaxio –ambos os dous absolutorios– tiveron como acusado a Dan Brown, o autor de *O código Da Vinci*. O primeiro presentouno Lewis Perdue e o segundo, e máis sonado (cando se soubo que farían unha película), foi o que presentaron Michael Baigent e Richard Leigh por considerar que Brown plaxiou a complexa estrutura narrativa da novela *O santo sangue e o Grial*.

Non obstante, a demanda dos reclamantes resultaba un tanto grotesca. En resumo, o argumento viría ser o mesmo en ambas as dúas novelas: Maria Magdalena, compañeira de Xesús, sería nai dunha liñaxe que tivo como misión a custodia do Grial e que faría emparentar aos cátaros cos templarios.

Manipular a Historia é lexítimo sempre que sexa sen moverse da ficción. É como esas novelas que invirten os resultados dunha guerra ou dun suceso (incluso con sentido do humor, como aquelas *Paraulas d’Opton el Yell*, de Tisner, na cal os aztecas descubren Europa).

Así que se collemos tres ou catro elementos históricos e lles damos a volta, xa temos argumento fantasioso. No caso de *O código Da Vinci* habería tamén préstamo das historias do Grial que, xa no século XIII co *Parsifal* de Von Eschenbach, consideraron que a copa recolleu o sangue de Xesús no Calvario e foi levado por Xosé de Arimatea ao sur da Galia. Pois se daquela a Igrexa non considerou blasfema a patraña, cabe censurar unha obra de ficción agora?

ENTREVISTA

Vteñen de gañar o Premio do Público ao Mellor Fanzine do XXIV Saló Internacional del Còmic de Barcelona. Como recibiron o galardón?


-Pois estabamos en Barcelona, David Rubín -que tamén estaba nominado como mellor autor novel-, Hugo Covelo, Sergio Covelo e mais eu, representando á publicación, e recibímolos cunha sorpresa maiúscula. Porque no Saló hai dúas categorías de premios: uns que están outorgados por un grupo de profesionais e críticos e outros votados directamente polo público. E claro, como *Barsowia* é unha publicación cunha tirada bastante curta, que non ten detrás un apoio institucional nin dunha editorial... pois contas conque che custe máis chegar á xente. Pero, para a nosa sorpresa, na categoría de críticos e autores gañou *Cabezabajo*, que é un fanzine moi veterano que leva como mínimo oito anos editándose, e nós gañamos o premio do público. Así que foi algo inesperado e unha alegría moi grande.

-Ademais, se a valoración dos críticos sempre está ben, a do público imaxino que lles sentaría aínda mellor...

-Si, efectivamente. Hai que ter en conta que *Barsowia* é unha publicación en galego que facemos nós cos nosos medios e coas nosas capacidades... e todos somos xente que traballamos, que reservamos a banda deseñada un pouco como o noso ámbito de creación máis libre e máis persoal. Entón, nese sentido, tampouco lle podemos adicar tanto tempo como se nos estivesemos ocupando exclusivamente disto. E é por iso mesmo que conseguir o premio do público no maior evento de banda deseñada de España, é todo un abraio.

-No último ano, Polaquia tirou do prelo dous álbums, "A Voz na Caixa", de Alvaro López, e "A prueba de balas 3", de Emma Ríos, ademais de dous novos números do *Barsowia*. Que novidades introduciron no fanzine neste tempo?

-O que intentamos facer dende Polaquia -toda vez que en Galicia non hai opcións moi abertas para o cómic, e menos para o que levamos nós, que é o cómic para adultos-, é desenvolver unha serie de actividades de banda deseñada e de publicación. Porque, a nivel de España, a verdade é que temos bastante máis sorte. Por exemplo, eu, como guionista, vou ter en 2006 dous álbums publicados: *Damsmitt*, feito con Manel Cráneo, -e que se presentou precisamente en Barcelona- e *Capital*, realizado con sete debuxantes, e que se publica o mes que vén. Neste sentido, os autores de Polaquia, como David Rubín ou eu mesmo, podemos publicar as nosas obras en castelán, con edicións moi coidadas e con moi boa atención por parte dos editores. Así que o que intentamos facer con Polaquia é complementar esa actividade con outra, dentro de Galicia. E *Barsowia*, neste sentido, o que fai é funcionar como unha obra colectiva e publicada de xeito periódico. Na última tempada, en realidade, non houbo ningún cambio formal. O que creo, con toda humildade, é que cada vez o facemos mellor, porque, claro, imos gañando experiencia. Ademais, *Barsowia* permítenos publicar, en primeiro lugar, obras serializadas en galego, que logo recopilamos e son editadas en un só tomo, en castelán. É dicir, que nos permite abordar grandes proxectos pouquiño a pouquiño. Así podemos suprir un tanto a ausencia daquelas revistas que había durante os anos oitenta, nas que os autores se rodaban



JORGE LEAL

Kike Benlloch

“Somos creadores e, como tal, non entendemos de fronteiras nin limitacións”

Barsowia, a publicación do colectivo de banda deseñada Polaquia, vén de gañar o Premio do Público ao Mellor Fanzine do 2005 no último Saló do Còmic de Barcelona, un galardón que lles chega ao tempo que están a celebrar o seu quinto aniversario

NATALIA ÁLVAREZ

e facían proxectos longos en pequenas entregas. E, como hoxe en día non existe esa solución, ou hai menos saída, digamos que, en vez de estar parados e agardando a que a cousa mellore, pois procuramos desenvolver o noso traballo a través desta actividade.

-En *Barsowia* seguen participando autores estranxeiros. Váia, que publicar na nosa lingua non ten que ser só cousa de galegos, non é?

-Claro que non. Aí o que hai é unha afinidade artística. Nós somos artistas, somos creadores e, como tal, non entende-

que terías, por exemplo, á hora de interpretar literatura ou teatro. Iso constitúe unha vantaxe, porque podemos traballar en galego mesmo a nivel de España, xa que hai unha minoría -peo minoía ampla- de lectores que están afeitos a ler en francés ou en inglés, e que non teñen ningún problema en ler banda deseñada en calquera outro idioma.

-Ademais desa antoloxía en castelán, "Barsowia en llamas", que proxectos futuros teñen?

-Pois este é un ano de interactividade. Porque o premio coincidiu co noso quinto aniversario, e estamos organizando unha exposición retrospectiva que se vai ver no salón "Viñetas desde o Atlántico" de A Coruña e que vai recopilar un bo número de pranchas orixinais destes cinco anos de traballo. Aparte desta exposición, pois intentamos seguir adiante co noso traballo cotián. Por exemplo, David Rubín está preparando o seu segundo álbum, e eu, como xa che dixen, publiquéi *Damsmitt* coa editorial Dibbuku de Madrid, e publico o terceiro álbum en menos dun mes, coa editorial valenciana Edicions de Ponent. Pero este vén ser un ano moi afortunado tamén para Polaquia, porque contamos con presentar en agosto, ademais do número oito de *Barsowia*, o *Barsowia en llamas*, que sacamos coa editorial Dolmen das Illas Baleares. Así que nos atopamos con que estamos traballando para multitude de selos, aparte dos proxectos autoeditados no espazo galego. E eses son, polo tanto, os nosos grandes retos: seguir facendo banda deseñada cada

vez mellor, máis rápido e con máis calidade. Porque isto, aparte dunha arte, tamén é un oficio que require experiencia. Por iso nos interesa manter un traballo de xeito regular, para irmos collendo maior soltura, que as nosas obras vaian tendo máis repercusión... e procurarmos dar o salto a nivel internacional, porque hai autores que xa comezan a ter proxectos para fóra.

-Neste último ano asistimos ao nacemento da editorial Faktoría K de Libros e á súa colección "BDBanda". Imaxino que ese é, dende o seu punto de vista, o camiño que deberían seguir en Galicia as diferentes editoriais, non é?

-Oxalá houbese máis e máis editoriais, porque a competencia e o feito de que a banda deseñada galega tivese multitude de opcións e de posibilidades estilísticas sería moi beneficioso para os autores. Obviamente, un sector non o fai só unha firma, e este sector precisa de multitude de ingredientes: cómprelle tamén un apoio institucional, necesita que haxa unha sá competencia entre editoriais, e que esas editoriais saian un pouco dese estado de miopía no que están e que non entendemos moi ben a que se debe. Porque non é normal o que está pasando. É dicir, temos unha xeración de autores galegos que estamos tendo unha resposta editorial positiva fóra, que estamos obtendo boas críticas, que facemos un traballo, creo, máis que decente e as opcións a nivel galego... non che vou dicir que son as mesmas que hai dez anos, porque melloraron, pero melloraron só en parte. Mira, eu, sinceramente, teño grandes facilidades para atopar opcións editoriais en Barcelona, Madrid ou Valencia cunha repercusión importante no medio. E, porén, en Galicia seguimos a ter moitas dificultades. Pero confiamos en que nos próximos anos isto vaia mudando e que nazan maiores posibilidades e saídas.


Do Valadouro

Vivencias e tradicións populares

MANUEL ROSALES

O que baixo este título se ofrece forma parte da tradición dunha comarca. Son historias compiladas por Xesús Pisón, Manuel Lorenzo e Isaac Ferreira, tres autores vinculados -alén da súa dedicación ao teatro galego- por un mesmo lugar de nacemento, O Valadouro (provincia de Lugo), rico neste tipo de literatura popular. Unha literatura vehículo de vivencias e fabulacións, recibidas oralmente e por escrito por transmisores, depositarios e reelaboradores, que teñen como punto común o pertenceren ao contexto cultural desta diocese de Mondoñedo-Ferrol.

Baixo a denominación xeral de contos -unha catalogación difícil dado que as formas tradicionais non contan cunha fixación precisas dos autores incrementan con esta nova edición unha parte do seu patrimonio cultural. Os trescentos seis textos -informativos, chistes, lendas e contos propiamente ditos- comparten a forma natural dos relatos que proveñen dunha tradición oral e popular que se valora por ser cristalización



do pensar popular que conviviu cos habitantes de Valadouro ao longo da historia e que agora sofre a ameaza da desaparición.

Os autores son só recompiladores destas historias que se foron xestando durante séculos. Este acompañamento histórico, a convivencia espacial e temporal entre a narración e a sociedade é o que vai configurando a tradición. O conto está vinculado co pobo, que se crea entre contos, escoitados desde a infancia e que lles contarán aos seus fillos. A tradición oral é a memoria viva desta e das diferentes comunidades e é esa tradición o punto de partida para desatar a maxia das palabras. Algunhas destas historias son un prodixio de imaxinación popular, imaxinación que non sempre é unha aberración da lóxica, senón un modo de expre-

sar as sensacións e as emocións máis primixenias da alma. En tanto, outras, tamén ricas en temas e formas, son mostras vivas da fidelidade con que a memoria colectiva conserva iso que damos en chamar sabeduría popular.

Os personaxes representan nestas historias figuras arquetípicas que simbolizan as virtudes e os defectos dos homes. Presentes están a vida e a morte desde diversas interpretacións e unha delas é o carácter tanto pagá como cristiá, da crenza en aparecidos. Os chistes están xerados a través da esaxeración ou deformación cunha actitude burlesca, ás veces distensiva e outras abertamente satírica, na que está presente a Igrexa como estamento a escanir. Son correntes tamén os xuízos xerais, as fixacións de experiencias, os asertos expresados con sobriedade e sinxeleza. Xoias, en definitiva, que enriquecen o acervo cultural e literario dun pobo.

PISÓN, Xesús/LORENZO, Manuel/FERREIRA, Isaac, *Contos do Valadouro*, Ed. do Castro, Sada, 2006, 166 páxinas

Con Contatrás

Deixando que a boca se abra

DORINDA CASTRO SOLIÑO

A través de Edicións Positivas, e dentro da súa colección "Di-versos", a actriz teatral, escritora, contacontos... Paula Carballeira -ben coñecida no mundo da nosa escea por ser integrante de Berrobambán e por ter contado historias "de verdade", "de mentira" e terle volto do revés os contos da tradición oral a miles de alumnas e alumnos dos centros de ensino galegos- convida a todos os pequenos, pero tamén aos grandes, a unha viaxe, ao cabo, para todas as idades, "Contatrás".

Contatrás: velaí, entón, o título dun pequeno libro de sesenta páxinas e vinte e cinco poemas ilustrados por X. Carlos Hidalgo. Xa desde a primeira páxina do volume iniciamos a conta atrás ao berro de "5.../deixade que a boca se abra/ que se abraie/ ieeeeepaie/ 4.../ despedídevos dos demais/dos que quedan cos pés na terra/dos que non saben que hai paxaros no aire". Viaxamos, xa que logo, cara ao mundo da imaxinación e dos valores dos que parte a autora e que se respiran con especial recendo nos poemas: a paz, a xustiza, a solidariedade, a ecoloxía, o amor á terra na que se vive... Desexa o lector maior que a viaxe que el iniciou cara atrás sexa, asemade, unha viaxe dos máis pequenos cara adiante porque "se xogamos a ser xigantes/ o mundo non será tan grande".

Os poemas están dedicados a temas do gusto infantil: medios de locomoción como o tren, o avión, o barco, a nave espacial, os contos, os sonhos, os animais que falan e se namoran, os nenos "que existen na realidade e teñen corpo", aos que, ademais, Paula Carballeira engade novos nomes e horizontes como as terras africanas en "unha nube gris pasou por África", "unha noite" ou "El", no que de xeito tan sutil e doce nos trae a memoria o racismo existente.

Formalmente, estamos diante de composicións construídas cun ton narrativo, como para sernos contados, sen rima, nos que as figuras máis recorrentes son as repeticións, e mais as comparacións.

Un libro pois, para iniciarmos, os maiores, unha Contatrás cara aos mellores sentimentos, na procura, se cadra, dos desexos, dos sonhos máis agochados que nunca deberíamos -nin debemos- perder. Pero unha traxectoria, un camiñar cara adiante, tamén, desde a perspectiva da procura de novos horizontes, dunha esperanza arreo. Unha fermosa ferramenta de traballo, pois, e que non se detén nese xénero da literatura infantil -que xa mencionamos- senón que mesmo o transcende toda vez que é quen de interesar a públicos moi diversos. Tan só fai falta que queiramos regresar á mellor das inocencias: a aquela que é consciente de si mesma, que se procura a si mesma e que desde ela navega en dirección ao ceo, para tocalo "coa puntilla dos dedos". Iso si, "por se acaso", cómprello logo lavar as mans!

CARBALLEIRA, Paula, *Contatrás*, Ed. Positivas, Santiago, 2006, 59 páxinas



Amar aos 16

Diario de Flanagan

CARLOS FREIRE

Adolescencia. Un período de transición visto desde fóra, un momento crucial na vida visto desde dentro. Co paso dos anos esquecemos o que foi aquilo, pero temos que aceptalo: tamén as nosas hormonas se descontrolaron, tamén a nosa sensibilidade estivo colgada dunha montaña rusa de emocións e tamén as nosas mentes de rapaces sufriron para asimilar os cambios que deron curso ás persoas que hoxe en día somos. ¿E en que estaríamos nós a pensar daquela durante todo o día? ¿Lembran? Aceptémolo dunha vez, pensabamos sempre no sexo. Dun xeito ou doutro, esa era a nosa gran preocupación, o código da Vinci que debíamos descifrar. Aí tiñamos o sexo, esa cousa tan distinguida e tan natural, pero tan estraña para nós. Sabiamos moi pouco do asunto e ese pouco ademais contáranolo mal (mamá, deixa de ler isto).

As cousas non cambiaron moito. Os adolescentes fanse hoxe as mesmas



preguntas e teñen os mesmos medos e dúbidas que nós tivemos sobre o

uso de métodos anticonceptivos, as enfermidades de transmisión sexual, a masturbación e outros moitos temas tratados en *O diario vermello de Flanagan*, un libro pensado para os mozos que ten a súa contrapartida en *O Diario vermello de Carla*, escrito por Gemma Lienas e tamén editado por Galaxia, dirixido ás mozas. A súa lectura é máis que recomendable, pois son dous libros que lles falan aos adolescentes no seu propio idioma, cara a cara, sen

omitir ningún aspecto relacionado co sexo, por escabroso que poida parecer. Trátase dunha mestura de novela, diario sentimental e reflexión que fuxe de calquera dogmatismo, presentando os coñecementos a través de diálogos, facendo así que aparezan diferentes puntos de vista sobre cada asunto tratado. Tamén hai sitio para unha trama novelada que enganchará a máis dun e un terceiro bloque de textos onde se analizan os conceptos e a información.

Falar de sexo non é tan doado como parece; pero os Flanagan que lean este libro descubrirán que só deste xeito, falándoo sen inhibicións nin medos, é como o sexo pasa de ser un problema a converterse nun dos aspectos máis enriquecedores das nosas vidas. Regállelo a ese fillo seu que tanto desconfía de vostede. Xa me contará.

MARTÍN, Andreu/RIBERA, Jaume, *O diario vermello de Flanagan* (trad. Silvia Gaspar), Ed. Galaxia, Vigo, 2006, 286 páxinas

Violencia excedente

Agresividade e condicións para a paz

ALFREDO IGLESIAS

A violencia é unha estratexia que emerxeu hai aproximadamente 10.000 anos nas sociedades pospaleolíticas, nas que está documentada a existencia dunha desigualdade social incipiente, e acadou un grao de sofisticación bélica no momento en que emerxeron as primeiras formas estatais en Exipto, Mesopotamia ou China, como proban as primeiras 'batallas históricas' de Meggido ou Kadesh. Neste sentido, pódese afirmar que a violencia é o resultado da desigualdade social, polo que é unha estratexia política propia das

que se pretende transmitir unha mensaxe de poderío ou de capacidade de insumisión; e unha violencia expresiva. A esa violencia expresiva, que o suxeito exerce de xeito gratuito, sen sentido instrumental aparente, é á que Francisco Sampedro, que cualifica co apelativo de "excedente", lle dedica o seu último libro: *A violencia excedente*.

Efectivamente, se ben a brutal represión que seguiu á experiencia da Comuna de París, que provocou a morte de máis de 30.000 revolucionarios na Francia de 1871; a Guerra Civil española, que seguiu a vida a millares de de-

pos nazis, ou calquera dos torturadores españois, argentinos ou chilenos nos tempos de Franco, Videla e Pinochet, trataron as súas

UN LUCIDO ENSAIO ACERCA DA AGRESIVIDADE IRRACIONAL DOS VERDUGOS

vítimas, que engade unha crueldade innecesaria a esa violencia necesaria, é unha violencia excedente, aínda que tremendamente eficaz.

Así pois, Francisco Sampedro, autor de ensaios tan necesarios como *Ideoloxía e distorsión: ensaio sobre o imaxinario ideolóxico* (1997), *A aristocracia imposible: o discurso político de Nietzsche* (2001) ou *Louis Althusser* (2004), ofrécenos, co seu habitual rigor, un lúcido ensaio arredor de toda esa agresividade desproporcionada e irracional que os verdugos exercen sobre as súas vítimas, para o que recorre á teoría psicanalítica (apoiándose en numerosas ocasións no pensamento de Freud e) e política (fundamentándose, sobre todo, na obra de Žižek, de quen Sampedro é autor da tradución da súa obra *O espectro segue a roldar: actualidade do Manifesto comunista*), na procura dunha resposta satisfactoria. Unha resposta que só será satisfactoria en tanto que estableza as condicións para a construción da paz, que deberá estar asentada na igualdade social, na liberdade e na responsabilidade individual e na eliminación dos comportamentos dirixidos por redes pulsionais perversas, velai as tres condicións do que Sampedro definiu en múltiples ocasións como "comunismo das singularidades", a única condición posible para a paz, que, lonxe de xurdir da converxencia de proxectos voluntaristas e personalistas de carácter individual, terá que ser conquistada socialmente pola cidadanía posta en pé.

SAMPEDRO, Francisco, *A violencia excedente*, Ed. Lairovento, Santiago, 2006, 118 páxinas

Novela e vida

Espérame: sen tabús

RAMÓN NICOLÁS

Tras a tradución ao castelán de *Caderno de Riparia*—que viu a luz en Algar baixo o título de *Atrapados en Riparia*—e mais a publicación dunha novela que, a meu ver, pasou inxustamente desapercibida entre nós como foi *5 de agosto de 1936*, na que se afonda, mercé á volta dun exiliado á súa terra natal, nas dimensións da memoria, da morte e mais do amor e que desexamos ver axiña traducida o galego, retorna Xosé A. Perozo ao primeiro plano da actualidade literaria con esta novela—*Espérame*—que desvela, non podía ser doutra maneira, os magníficos dotes para a narración e para a oralidade que exhibe dun xeito natural, sen que o lector se decate ou, cando menos, sen que os artificios técnicos que emprega se evidencien moi ás claras.

Velaquí como Perozo erixe unha sorte de biografía ficcional mercé á figura de Lola—imposíbel non conxectar ou imaxinar vinculacións deste personaxe con outro ben coñecido na nosa cidade— quen relata, ben aos asistentes a un espectáculo dun night club do que é propietaria, ben—xa máis intimamente— á memoria dun amigo seu que vén de morrer chamado Paco, os máis dos avatares vitais desde que naceu até aquel momento situado na madurez da protagonista: os máis deles vinculados co exercicio da prostitución, entendida esta—ou así nolo asemella— como única solución que se lle formulou para procurar a salvación dela mesma, para superar a súa orixe humilde e mais o medo a saír fóra da aldea, para superar o medo á vida.

AUTOR SABE MANEXAR UN ESTILO DE APARENCIAS SINXELAS


Ao longo, así pois, de vinte o oito capítulos, Lola revisita a súa vida afondando na dimensión fulcral que ocupa a súa vila natal—Couzadoiro—, cumprindo o papel de locus amoenus sempre evocado: filla dunha relación que tivo a súa nai cun sacerdote, aos quince anos foxe da miseria daquela aldea, á que volverá cando menos en dúas situacións delicadas para ela. Desde aí iníciase un percorrido que pasará por Vigo—onde traballará nunha casa en Bouzas e

axiña se converterá na amante do señor da casa, Raúl, coronel do exército, quen lle porá piso na rúa Colón—, para logo converterse n'á fermosa Lola, cun espectáculo na Casapoga. Despois, tras coñecer un xeneral co que casará, marchará á Coruña, cun cincuenta por cento dos beneficios obtidos nun local no que canta e anima a noite. A súa entrada en negocios inmobiliarios derivados desta última relación, a vinculación con Germán, a visita á Bela

llando así a ruína na que caeu o ámbito rural galego nos últimos anos e realizando, por extensión unha radiografía de parte da sociedade franquista e mesmo unha reflexión sobre a malfadada imposibilidade do auténtico amor.

A novela trata con desinhibición e sen tabús o tema da prostitución, algo pouco común nas nosas letras e que vagamente nos lembra—aínda que a de Perozo se-

rozo se-



sociedades divididas, nas que, como sinalou Althusser en *Marx dentro dos seus límites*, o Estado aproveita esa violencia estrutural procedente da loita de clases para producir poder legal en beneficio da clase dominante.

Non en van, como sinalaba Waldmann, a violencia cumpre tres funcións perfectamente definidas: a función instrumental, en canto medio para acadar unha meta; a función comunicativa, na

fenosores da legalidade republicana; Auschwitz e os restantes campos de exterminio nazis, nos que se asasinaron brutalmente a seis millóns de persoas, entre xudeus, comunistas, ciganos, homosexuais ou republicanos españois; e tantos outros actos violentos na historia, como os de Hiroshima e Nagasaki, é unha violencia necesaria; a violencia coa que Oberhauser ou Mengele, por só mencionar a dous dos exterminadores máis terríficos e prolíficos dos cam-



Otero—á que sempre quixo emular— conducirana tempos despois a Madrid e, finalmente, a Santiago, pechando ese ciclo que constitúe o percorrido vital dun personaxe dono dunha personalidade vigorosa—"muller que cultiva a experiencia e ama a curiosidade" e "inculta, mais lectora voraz", dotada duns excepcionais dotes como locuaz narradora que resultan operativos para engadir unha enxurrada de reflexións ao fio sobre o propio sexo, arredor dos siareiros que acoden aos seus locais, das ideas sobre o matrimonio, da política daquel tempo, etc., espe-

xa máis coitada estrutural e contextualmente—cun exercicio creativo de Fernando Quíñones semellante. A novela do autor de Llerena non se achega, nin moito menos, ao máis sórdido que ten que ver coa prostitución, senón que dota a esta dunha perspectiva marcada pola humanidade e, en certo sentido, polo mercantilismo.

Un estilo sinxelo, aparentemente sinxelo que evidencia un fondo traballo, foxe á mantenta de dificultades estruturais e converte esta proposta narrativa nun recomendábel exercicio de lectura.

PEROZO, Xosé A., *Espérame*, Ed. Xerais, Vigo, 2006, 300 páxinas

Unha mostra na Deputación de Ourense

✿ CARLOS L. BERNÁRDEZ

A Sala de Exposicións da Deputación de Ourense presenta, até comezos do mes de agosto, unha mostra de catro artistas que teñen en común un universo vital e xeográfico, a península do Morrazo.


Neste territorio traballa un colectivo de pintores comprometidos coa súa realidade vital e preocupados polos seus problemas desde a dinamización artística e desde a intervención social, pero sobre todo desde a creatividade da súa obra plástica. Son catro artistas que residen e/ou desenvolven un labor cultural de grande dinamismo e cunha vontade de proxección e alento que supera con moito o simple ámbito local. Trátase de Agustín Bastón (Cangas do Morrazo, 1962), Manuel Pizcueta (Cangas do Morrazo, 1962), Lito Portela (Cangas do Morrazo, 1959) e Xavier Ríos (Moaña, 1957) autores que unidos xa participaron en abondosos eventos expositivos e que levan adiante en Cangas a fermosa aventura da galería de arte "A carón do mar."

A obra destes creadores é fortemente individualizada e adquire no contexto da montaxe unha atractiva complementariedade, compartindo unha vontade de experimentalismo formal e un respecto intenso polos materiais empregados o que os leva a unha reflexión sobre o feito artístico desde puntos de partida singulares.

A pintura que presenta Agustín Bastón segue na liña dunha abstracción matérica que caracterizaba a súa obra de anos precedentes. O emprego de resinas, vernices, lacados e veladuras serve para unha construción de forte equilibrio formal, no que domina é un elaborado tratamento da materia empregada, coa que o artista traballa na plena complicitade de quen coñece e domina o material en todas as súas facetas. As obras que presenta en Ourense, en tonalidades verdes e rosas, (*Sebkha* e *Smog Rosa*) abren un camiño serial que sen dúbida terá continuidade e plenitude no grande formato.


A pintura de Manolo Pizcueta que se caracterizou no pasado polo seu planismo ausente de tonalidades, confórmase agora -sen renunciar a eses presupostos de base- na súa elaboración a partir de elementos puros, con deliberada simplicidade, fuxindo de calquera confusión, cunha vontade purista. As súas obras máis recentes -as agora presentadas- indican unha evolución depurativa que fai que a súa linguaxe sexa cada vez máis persoal, sen renunciar ás influencias construtivistas que sempre marcaron o seu labor.

A obra de Lito Portela segue camiños de enorme rigor formal e cun proxecto ben definido desde hai ben anos, explícito xa desde o tratamento do material utilizado, o papel, que na súa modestia, fragilidade e adaptabilidade serve de alicerce ao traballo plástico. O papel sometido a un proceso de manipulación, feito por medio de óleos e vernices, permite unha suxestión e unha textura de base que é a chave de todo o proceso pictórico, porque a partir del o pintor realiza un quefacer que, semellando próxima á abstracción matérica, en realidade, máis ben se inclina á evocación paisaxística, ás alusións ao mundo natural, en especial do mundo vexetal, o que é moi perceptíbel na súa obra escultórica. A preocupación pola realidade está no fondo da súa obra, pola destrución do medio natural, máis isto non leva o pintor ao tremendismo senón que o artista segue fiel á evocación, ategado o cadro das luces e cores do contorno, conformando o que noutra ocasión denominei un lirismo da memoria. A serie *Estruturas*



Arriba, á esquerda: "ST", de Manuel Pizcueta; á dereita, "Estruturas", de Lito Portela. Abaixo: "Borrón e conta nova", de Xavier Ríos.

A carón do mar



que presenta agora constitúe un auténtico logro, gañando a pintura na amplitude espacial e na obra de grande formato que resulta plenamente envolvente na montaxe ourensá.

Xavier Ríos, pintor e escultor como Lito Portela, ten na escultura a linguaxe máis firme, un mundo de natureza construtiva e elaborado cunha forte expresividade.

A súa obra que presenta agora, escultórica e pictórica, en estreita relación, remite á idea de intervención construtiva no espazo, algunha pezas exemplifican mesmo unha orientación entre conceptual e lúdica, no que aparecen figuras máis achegadas a unha visión próxima ao surrealismo, que nos transportan a vivencias do seu mundo persoal, entre a realidade e o soño.

Na exposición podemos percibirlo en pinturas e esculturas seriadas, co expresivo e un chisco irónico título de Borrón e conta nova, que non pretenden apenas reflectir obxectos xa existentes, senón que sen dúbida pertencen a unha realidade-outra, paralela ao mundo real, que se cargan de unha indubitable aura poética e que acaban por constituírense en signos vitais.

Variedade formal e conceptual

A variedade formal e conceptual é pois o que domina a exposición, que tal como se nos ofrece, cinxe o seu deseño á presentación dunha escolma da obra máis recente dun colectivo que funciona como un axente dinamizador das artes plásticas nun ámbito singular como é a península do Morrazo.

Estamos, xa que logo, perante catro propostas plurais, de acusada singularidade, de sólidos mundos creativos, que teñen en común ese fondo respecto polo medio e polo material empregado, punto de partida e de chegada para a experimentación e sobre todo para a comunicación, auténtico obxectivo de calquera obra artística.

INFANTIL/XUVENIL

O porqué das cousas

Amiúdo as cousas non son o que parecen; ás veces, algo pode resultar absurdo e logo o tempo encárgase de darlle a súa utilidade sexa esta material ou moral. Faise bo neste sentido o dito "as aparencias enganan" ou o que é o mesmo é preciso agardar a coñecer o fondo da cuestión para entender o porqué das cousas.

Tal reflexión ten en *A cabra boba* un exemplo significativo dende o momento en que crea un universo literario onde todo o que vai sucedendo ten o seu lugar -a súa utilidade- como se fosen as pezas dun quebra cabezas que encaixan perfectamente no conxunto.

Miguel ten que deixar de xogar e ir buscar a cabra e a encomenda, a pesar de ser rutineira, non se lle presenta doada, porque o animal decidiu empoleirarse nun lugar certamente insólito. O rapaz pregunta a Henrique, o cabreiro, á tía Xulía, a don Valentín, o mestre, e ao avó e despois de prestar a súa axuda para que rematen as súas tarefas é recompensado cunha presada de sal gordo, cunhas flo-

Estimulando as capacidades

MARÍA NAVARRO



res e cun libro de contos, obxectos que el empregará para que a cabra volva ao curral e acadar así o obxectivo proposto.

Baixo unha forma aparentemente inxenua, un texto curto e

conciso e unhas ilustracións cargadas de colorido e humor, Pep Bruno (Barcelona, 1971) publica en OQO Editora unha historia que ben podería amosar a cara fantástica dunha realidade concreta na que sabiamente intercala valores como a solidariedade, o respecto, a colaboración ou mesmo a complicidade cos demais en momentos clave. E isto faino nun marco incomparable: o campo. No rural atopa o escritor o lugar ideal no que desenvolver toda a actividade de axuda e estímulo das capacidades de cada un e o ilustrador interesantes imaxes para situar espacial e temporalmente a un lector de curta idade que precisa destas cordenadas para ir formando o seu mundo.

A todo isto unimos a astucia a hora de resolver situacións nas que se consegue un máximo rendemento cun mínimo de intelixencia e que poden propiciar a recepción da historia a nenos tamén doutras idades.

BRUNO, Pep/OLMOS, Roger *A cabra boba* (trad. A. Fortes), OQO Ed., Pontevedra, 36 páxinas

En Aspironeta

Marta Álvarez non é xa ningunha descoñecida dentro do panorama literario infantil galego e as súas obras, caracterizadas pola orixinalidade do texto e das súas propias ilustracións, amosan un coñecemento e unha preocupación polo seu público que a colocan coma unha escritora significativa dese esixente campo que é o infantil. A súa preferencia polos aspectos cotiáns adaptados aos nenos e nenas que len está presente na meirande parte das súas obras e nesta ocasión segue esa premisa.

A *aspironeta* agocha, baixo da aparencia dun conto infantil, unha crítica contundente cara a unha sociedade gobernada polo consumo desmedido, onde a publicidade cada vez máis agresiva e presente en todos os aspectos da vida das persoas fai que moitas das veces desechemos obxectos aínda válidos para as súas tarefas, e os cambiemos por outros que nos obrigan a ver coma algo que non pode deixar de ser usado. A protagonista da historia, unha aspiradora, atópase na mesma situación que moitos destes

Crítica contundente

PAULA FERNÁNDEZ



obxectos: desterrada cando chega á casa o novo e impresionante modelo K-38. O vello electrodoméstico deixa de ser útil para a familia e vai parar a un vertedoiro do cal o rescatará unha meniña chamada Sabela que, nunha sorte de laboratorio caseiro, a someterá a unha aspirorrestauración que a converterá nunha aspironeta capaz de voar polos

ceos tal e como faría unha auténtica avioneta. Mais esta aspironeta comeza desenvolver unha función que a convertirá tamén a ela en imprescindible, aspirar nubes negras de choiva e levalas a sitios dominados pola seca, e que fará que sexa portada dos máis importantes xornais. Deste xeito e grazas á axuda de Sabela deixou de ser un aparello inservible para se transformar nun original método de acabar coa seca e ao tempo, e algo se cadra importante nestas datas, cos incendios do verán.

A autora semella querer concienciar dunha maneira plástica e divertida a todos os lectores e lectoras de que a vida dos obxectos cos que contamos nas nosas vidas pode ter maior duración da que nós lle damos, e aínda máis da que as grandes empresas obsesionadas por facelos inservibles queren darlles. Ao tempo convértese tamén nunha axuda importante e divertida á vez para explicar aos pequenos e pequenas a importancia e a utilidade da reciclaxe, novos usos para obxectos aparentemente obsoletos e, por que non, tamén para comezar tratar con eles tratamentos de reciclaxe de materiais que contribúan a danar un pouco menos o noso xa deteriorado contorno.

ÁLVAREZ, Marta, *A aspironeta*, Ed. Xerais, Vigo, 2006, 28 páxinas

ANDEL DE NOVIDADES

M. BLANCO RIVAS

As inxurias da guerra

Xosé Luis Barreiro Rivas
Edicións Xerais. 464 páxinas

Este libro quere chamar a atención sobre a inxustiza radical que está implícita nas guerras de hoxe, reclamando o sometemento dos conflitos armados ao dereito internacional e a un principio de lexitimación multilateral. Así mesmo é unha alegación contra as guerras que xa perderon sentido moral e realismo estratéxico e contra os que devencen por soerguer un

novo militarismo que volva a ser crisol de patrias e virtudes deseñadas á medidas da globalización. Este volume compila artigos publicados dende o 12 de setembro de 2001 ao mes de xaneiro de 2006, sobre a guerra de Iraq, acontecemento que mesturado con outros da vida política e económica, actúa como substrato da entrada de historia no terceiro milenio.



O rei dos lobos

Xerardo Neira Pereira

Editorial Toxosoutos. 68 páxinas

Gañador da quinta edición do certame de relato de aventuras Antón Avilés de Taramancos, *O rei dos lobos* vén ser un conto ambientado na época de dominación sueva en Lugo, que o autor presenta como un texto dun código antigo. O autor compostelán quixo que o libro, ambientado na época da ocupación de Galicia polos suevos

e a súa relación cos galegos romanizados, fora unha homenaxe ao naturalista Félix Rodríguez de la Fuente. Xerardo Neira é licenciado en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e colaborador de Descubrir, suplemento de ciencia e historia do xornal *Galicia Hoxe*. Os debuxos son de Rosa Fernández Caamaño.



O home invisible

Joan de Déu Prats

Edicións Xerais. 64 páxinas

Xenaro é un home tímido e solitario que pasa desapercibido vaia por onde vaia. Un día atopa a Greta, unha cadeliña abandonada, e decide levala para a casa. Dende ese momento comeza a cambiar: enfróntase ao veciño de arriba, que lle fai a vida imposible, ao xerente da súa ofici-

na, merca roupa con toques de cor e aprende a tocar o saxofón, que lle servirá para descubrir o amor. Unha fascinante historia onde unha persoa corrente se vai decatando, pouco a pouco, das súas limitacións e as vai superando. As ilustracións son de Núria Colom.



O vento do sur

Miguel Sande

Espiral Maior Poesía. 93 páxinas

Este libro é froito dunha ollada descarnada da realidade, da procura da esencia. Poesía intimista, hermética, feita tanto de silenzos como de palabras. Como subliña Pilar Pallarés no limiar, a nova entrega de Miguel Sande é

unha radiografía da inmensidade paradóxica da nada, unha reflexión espida e esencializada sobre a intimidade; vida oculta sempre en latexo. En definitiva, paisaxes en branco e negro, con máis ausencias que presenzas.



Berrogüetto, 10.0

Dez anos e catro discos. Eis o que levan percorrido os Berrogüetto dende o seu nacemento das cinzas, entre outros, dos formidábeis Matto Congrio. Porque xa hai dez anos desde que *Navicularia*, (Boa, 1996), mudou de vez o panorama da música folc galega, dándolle o pulo definitivo cara ao século XXI, ao outorgarlle a dose de contemporaneidade da que, quizais, adoecía para se presentar no novo milenio coma unha música con tradición mais tamén con vitalidade.

E a primeira maneira de festexar este aniversario non podía ser outra que a aparición do seu cuarto traballo, *10.0*, que leva nas tendas do noso país apenas vintetantos días -saíu á venda o 25 de maio- e que arestora ten á banda mergullada na xira de presentación do disco, que comezou en Vigo o pasado 2 de xuño e que a ha levar nos vindeiros días até Compostela -hoxe, 22 de xuño- Pontevedra o 30 deste mesmo mes, a Festa da Fraga das Pontes o 24 de xullo ou o Festival Inter-céltico do Morrazo de Moaña, o 30.

O novo traballo da banda mantén unha liña de continuidade cos anteriores discos, mais desta volta non aparecen colaboracións tan rechamantes coma en *Hepta*, (Boa, 2001), e apenas o contrabaixo de Kin García nun tema e a voz de Silvia Pintos noutro

presenza gaña en confianza, en posibilidades expresivas, quizais grazas á experiencia acumulada na súa estrea xunto ao compañeiro de formación Guillermo Fernández, proxecto que callou en *Espido*, (Músicas do Salitre, 2006). Tamén cómpre falar do paso á autoprodución, despois de Boa ter producido os seus tres anteriores traballos e desta volta só se encargar da distribución, dun traballo que mudou xa que logo cara ao artesanal, cunha aposta pola implicación de todos os membros do grupo na creación dos novos temas, -deixando totalmente fóra as pezas tiradas directamente do repertorio tradicional-, o que permite zugar toda a esencia de Berrogüetto

coa escoita do disco e por riba apreciar os matices, as diferenzas que nos van sorprendendo dun tema a outro, así como imos chimpando da sinatura de Pintos á de Comesaña ou desta á do dúo Galego-Fernández, á de Quim Farinha ou á de Cribeiro. E estas diferenzas lévannos até a enerxía que lembra ás orixes do grupo, ás composicións de corte tradicional, ao acougo que irradia da voz de Guadi e do violín de Farinha ao jazz ou á conexión europea, sempre presente, esencial, e que neste *10.0* fica explicitada no segundo e terceiro temas, "Cracovia" e "Brest".

Ninguén debe agardar unha revolución tras da capa verde que cobre, acocha, este disco. A agardada nova entrega de Berrogüetto é optimista, marca un punto e aparte, -como eles mesmos teñen manifestado-, que quizais sexa máis prezábel no extra musical ca na sonoridade da banda, coa asunción de novos roles por parte dos integrantes do grupo, e manifesta que estes xeniáis músicos se achan inseridos nunha madurez espléndida, creativa, que os está a levar polo carreiro xa demarcado por eles marcado, con tranquilidade e reflexión, gozando de cada novo paso que dan mais sen deixaren nunca de o pensar, de peneirar os erros e chegar a, como di Rodrigo Romani na contracapa do disco, permanecer no imaxinario colectivo do país, revelándose decote tralos usos e patróns estilísticos das novas xeracións de músicos.

v é -
ñense
engadir
á estrutu-
ra musical
tecida polo
propio grupo.
Malia esta conti-
nuidade, doada de
identificar, de sentir, con
só escoitarmos por riba algun-
ha das composicións do novo disco,
con tan só ouvirmos os acordes de Quico
Comesaña e a voz de Guadi Galego que
abren o primeiro tema de *10.0*, e que xa
permite falar dun "son Berrogüetto", -que
ademais está
a ter unha
chea de imi-
tadores-, se-
ría inxusto
non acredi-
tar na conti-
nua busca
da autocríti-
ca, na inque-
da evolución en que din vivir os mem-
bros de Berrogüetto e entre as novidades
que se poden atopar no novo disco a pri-
meira en salientar ten que ser o meirande
protagonismo que vai acadando a voz de
Guadi, presente desta volta en cinco das
once composicións, e que para alén da

No devir do folc de noso

 DANIEL LAVESEDO

Betagarri

Nesta primavera pasada pola que xa sentimos abafante saudade, Lamatumbá presentou en Vigo o seu novo traballo acompañados da banda vasca Betagarri. Os de Gasteiz son xa asiduos dos concertos e festivais do vello para presentar os distintos discos, xa oito!, que foron elaborando ao longo dos seus catorce anos de historia, des que un grupo de amigos dun instituto da capital vasca decidisen xuntarse a "meter algo de rebumbio" onde lles fosen deixando. Despois dos dubitativos comezos, con entrada e saída de membros no grupo e continua engádegas de novos instrumentos a unha formación inicial que apenas contaba con dúas guitarras, baixo, batería e voz, mais a colaboración de dous txalapartaris e a puntual aparición de alboka e pandeiro, a formación asentouse coa entrada de sección de vento e a gravación de Betagarri, (*Mila Gritos*, 1997), primeiro disco do grupo, -aínda que xa se gravaran antes a maqueta *L*-, que deu paso ao éxito de *80.00* (Esan Ozenki, 1999) e *Freaky Festa*, (Esan Ozenki, 2000), álbums que consolidaron aos Betagarri coma o referente senlleiro da nova música feita en Euskal Herria, relevo daqueles grupos do chamado "rock radical vasco" aos que precisamente homenaxeaban en *80.00*. Unha mestura de ska, rocksteady, reggae e rock, é o alicerce onde se apoia a sonoridade do grupo, con letras en eúscazo que amosan con claridade como os produtos de calidade non teñen dificultades e barreiras por mor do idioma, pois a banda gazteiztarra ten moito sucesos noutros lugares do Estado e de Europa, onde os seus concertos, de forza e festa, teñen congregado, -abonda lembrar en Galiza o concerto do Monte Xalo ou o do Festichán-, a millares de persoas.